

Os traballadores do Metal de Vigo sinalan o camiño

Necesitamos un sindicalismo combativo e acabar coa ditadura do capital

A traizón de CCOO e UGT, asinando o convenio provincial do metal de Pontevedra, e a pasividade cómplice da CIG, non dando continuidade á loita para botalo abaixo a pesar de ser o principal sindicato do sector, foi a pinga que colmou a paciencia dos traballadores do metal de Vigo.

Son moitos anos sufrindo recortes salariais e de dereitos, despedimentos masivos e peche de empresas (moitas históricas) sen ter presentado batalla por culpa dunhas burocracias sindicais máis interesadas en esmagar a combatividade dos traballadores que en utilizala para defender os intereses da nosa clase.

A organización de todo ese descontento en torno á Plataforma de Traballadores do Metal representa unha rebelión contra a burocracia sindical, afeita a asinar recortes sen contar cós traballadores. Exemplos como a protesta nas manifestacións do 1º de Maio ou a manifestación do pasado 12 de maio, con medio milleiro de traballadores, son xa un símbolo para moitos activistas e traballadores combativos do Estado Español, que se ven reflectidos nesa determinación para liberarse dun-

has burocracias sindicais cómplices da patronal.

Este movemento tamén está supoñendo un enorme paso adiante noutro sentido moi importante, o da extensión das loitas ao conxunto da clase traballadora, rompendo así o illamento imposto pola burocracia sindical. Levamos anos sufrindo ataques ás nosas condicións de vida e traballo, recortes nos servizos públicos, desmantelamento industrial... Pero a pesar de ser evidente que son problemas que sufrimos tódolos traballadores, non se convocou ningunha folga xeral nin en Galiza nin de ámbito estatal. Por que? Porque a burocracia sindical quere manternos ós traballador@s divididos.

Por iso, esta manifestación, coma a solidariedade mutua entre a loita do metal de Vigo e os traballadores de Cádiz que loitan contra o peche da planta de Airbus en Puerto Real ou as compañeiras de Correos de Sabadell que loitan por unhas condicións laborais dignas, son os exemplos nos que o resto dos traballadores nos temos que mirar para confrontar coa patronal.



A patronal está envalentonada polo entreguismo da burocracia sindical e a falta de medidas reais do goberno PSOE-UP para frear a ofensiva empresarial que nos está empobrecendo. E por iso afondará os seus ataques. É máis, a renuncia do Goberno PSOE-UP a romper coas políticas capitalistas é cada vez máis visible, reforzando á patronal, á dereita e ós sectores máis reaccionarios do aparato do Estado. Á vez, as migallas do chamado “escudo social” non detiveron a hemorraxia social que estamos a vivir, e se preparan para unha nova ofensiva de recortes do gasto social, empezando pola reforma das pensións de Escrivía. É o de sempre: o reformismo e o “realismo” non resolven ningún dos problemas fundamentais dos traballadores e isto crea o caldo de cultivo para o ascenso da dereita e a ultradereita.

A lóxica do capital é a busca permanente do máximo beneficio a costa da vida dos traballadores ou mesmo da destrución do planeta. Por iso pechan fábricas, destrúen postos de traballo e nos condenan a unha vida miserable. A única linguaxe que entenden os capitalistas é a empregada pola clase obreira cando nos unimos e nos organizamos para loitar.

Por iso é máis urxente que nunca un sindicalismo combativo, de clase, democrático e assembleario, que unifique os intereses dos traballadores das contratas cós das principais, que remate coa división e a discriminación nas nosas propias filas e que faga fronte á voracidade patronal coa mobilización máis contundente.

Estender a loita coa convocatoria dunha Folga Xeral do Metal

O obxectivo inmediato é converter o conve-

nio provincial en papel mollado. Para isto hai que seguir dando pasos adiante. Neste sentido, a CIG ten que pasar das palabras ós feitos e poñer xa unha data para unha folga xeral de 24 horas no metal provincial. Unha folga ben organizada para chegar a tódolos traballadores mediante carteis, panfletos e asembleas democráticas nas que se debata e decidan tódalas reivindicacións e accións a levar a cabo.

En paralelo con isto, e na liña de estender a loita máis aló do metal e de Vigo, é fundamental incorporar a defensa intransixente de cada posto de traballo ameazado polo capital como unha consigna básica. Non podemos permitir nin un despedimento máis! Hai que cuestionar o dereito dos empresarios a despedir ou a pechar empresas cando lles pete, para o cal temos que:

- **Rexeitar tódolos ERES.**

- Ante a ameaza de peche dunha empresa, hai que plantexar a súa **nacionalización baixo control obreiro.**

- **Derrogación das reformas laborais e de pensións.** Redución da idade de xubilación con contratos relevos.

- Por un **Salario Mínimo Interprofesional de 1.200€** e unha prestación por desemprego indefinido igual ó SMI.

- **Nacionalización baixo control obreiro da banca e dos sectores económicos estratéxicos,** empezando polo enerxético, a fin de poñer o seus inxentes recursos a disposición da clase traballadora para garantir emprego digno para tod@s e servizos sociais de calidade. Basta de roubos legais nas comisións bancarias ou no recibo da luz!

Si, temos forza! Fai falta dicir ¡basta! mediante unha rebelión social da clase obreira.

**SINDICALISTAS
DE ESQUERDA** 

ESQUERDA 
REVOLUCIONARIA

Contacta connosco no teléfono 626 746 950

www.sindicalistasdeizquierda.net · www.izquierdarevolucionaria.net

